



BOLETÍN RSU ABRIL 2021

UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS



CINE E DOCUMENTAIS PARA DAR VISIBILIDADE Á PRESENZA DA MULLER NOS ÁMBITOS STEAM

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 07/04/2021

Dous documentais e dúas películas nas que as mulleres son protagonistas activas en ámbitos relacionados coa tecnoloxía conforman a última aposta da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da UVigo para impulsar e dar visibilidade á muller nos ámbitos STEAM. O cine forum é, desta volta, a fórmula elixida pola dirección do centro para “espertar o espírito crítico no estudantado e empoderar ás alumnas que cursan disciplinas tecnolóxicas”, explica Teresa Rivas, docente e investigadora do centro, que conta co patrocinio da Unidade de Igualdade para desenvolver esta iniciativa. [+info](#).



VIGO CONVÉRTESE NA PRIMEIRA UNIVERSIDADE DE ESPAÑA EN RECOÑECER CUN DISTINTIVO AS ESCOLAS E FACULTADES MÁIS IGUALITARIAS

M. DEL RÍO DUVI 08/04/2021

Co fin de visibilizar e recoñecer pública e institucionalmente o esforzo de moitas persoas que día a día, na Universidade de Vigo, loitan por investigar, ensinar, transferir, xestionar e producir coñecemento científico incorporando a mirada de xénero e feminista, a institución pon en marcha o [Distintivo de Igualdade](#). Con esta iniciativa, a UVigo convértese en pioneira en todo o Estado en crear un recoñecemento para o esforzo de escolas, facultades e centros propios na promoción activa e permanente da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. [+info](#).




Augaventura converte a ría de Vigo e as augas do Miño no escenario de actividades acuáticas variadas

AUGAVENTURA 2021 PROPÓN SETE ACTIVIDADES ACUÁTICAS NA RÍA DE VIGO E NO RÍO MIÑO

REBECA LÓPEZ VILLAR DUVI 09/04/2021

Un ano máis, a programación de *Augaventura* converte a ría de Vigo e as augas do Miño no escenario de actividades acuáticas para todos os gustos: descenso de rápidos, flyboard, mergullo, surf, wakeboard, windsurf e unha combinación de kajak, sendeirismo e mergullo de superficie. As propostas desta iniciativa promovida pola Área de Benestar, Saúde e Deporte estenderanse ata mediados do mes de maio e terán lugar en diferentes espazos da ría, como Bouzas, a praia de Patos ou a enseada de San Simón. [+info](#).

Abril 2021.



Augaventura converte a ría de Vigo e as augas do Miño no escenario de actividades acuáticas variadas

O PROXECTO PUERTALMAR DESEÑA UN PROGRAMA DIVULGATIVO SOBRE A IMPORTANCIA DOS ECOSISTEMAS MARIÑOS PORTUARIOS

M. DEL RÍO DUVI 12/04/2021

O proxecto PuertAlMar, impulsado polo Porto de Vigo e o Centro de Investigación Mariña (CIM) da Universidade de Vigo en colaboración co Porto de Melilla, naceu coa finalidade de analizar a importancia de recuperar e conservar as áreas alteradas en contornas marítimo-portuarias e os seus beneficios para o desenvolvemento de actividades pesqueiras sostibles. [+info](#).



AXENTES DO CAMBIO COMEZAN A CONCIENCIAR A COMUNIDADE UNIVERSITARIA SOBRE A AXENDA 2030

M. DEL RÍO DUVI 14/04/2021

As e os Axentes do Cambio comezan o seu labor de concienciación sobre a Axenda 2030 nos campus. E fano dando a coñecer este compromiso internacional asinado polos países membros da ONU para facer fronte aos retos sociais, económicos e ambientais da globalización, poñendo no centro as persoas, o planeta, a prosperidade e a paz. As e os Axentes de Cambio son un grupo de nove estudantes que, tras recibir formación específica durante o mes de febreiro, están xa desenvolvendo unha campaña informativa e de sensibilización. [+info](#).




Dous dos alumnos implicados no espazo que lles acaba de ceder a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

ALUMNADO DAS ENXEÑARÍAS PON EN MARCHA UNHA CAMPAÑA DE RECOLLIDA SOLIDARIA DE ORDENADORES

D. BESADÍO DUVI 15/04/2021

Coa idea de axudar a mitigar a fenda dixital que sofren moitas familias, especialmente dende o inicio da pandemia, a asociación estudiantil [IEEE Uvigo Student Branch](#), na que se agrupan estudantes das diferentes titulacións de enxeñaría que se imparten na UVigo, acaba de pór en marcha unha [recollida solidaria de ordenadores](#), equipos que eles mesmos se encargarán de reacondicionar nun espazo que lles acaba de ceder a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación para, posteriormente, repartilos entre as familias con menos recursos. [+info](#).

Abril 2021.



No traballo simulan con partículas virtuais as traxectorias seguidas polos microplásticos a partir das sete depuradoras existentes na ría

AS MAREAS CONDICIONAN A DISTRIBUCIÓN DE MICROPLÁSTICOS EMITIDOS POLAS DEPURADORAS NA RÍA DE VIGO

DUVI OURENSE 15/04/2021

Investigadores e investigadoras das universidades de Vigo e Aveiro e do Centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO) realizaron un estudo sobre o transporte e acumulación de micropolásticos emitidos a través das estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) na ría de Vigo. Empregando un modelo de simulación de partículas, comprobaron como a distribución dos microplásticos depende en gran medida da etapa de marea no momento da súa saída das depuradoras. [+info](#).



Fisioterapia acolleu o inicio do ciclo de conferencias da Semana da Creatividade e da Innovación

A SEMANA DA CREATIVIDADE E DA INNOVACIÓN ARRANCA ABORDANDO COMO A FISIOTERAPIA PODE MELLORAR A VIDA DAS PERSOAS CON CANCRO

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 19/04/2021

Dirixida a pór en valor os sinais de identidade do Campus Crea, a [Semana da Creatividade e da Innovación](#) abriu este luns o seu programa de actividades cunha conferencia da especialista en fisioterapia oncolóxica Marta Gómez, que afondou nas capacidades desta disciplina para mellorar a calidade de vida das persoas con cancro. Fíxoo na primeira das actividades dun ciclo de conferencias promovido pola Vicerreitoría do campus e o Consello Social da Universidade de Vigo para esta semana de conmemoración. [+info](#).



O seminario foi clausurado polo secretario xeral de Función Pública, Javier Rueda

O ALUMNADO DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA ACHÉGASE ÁS OPORTUNIDADES LABORAIS QUE OFRECE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

DUVI PONTEVEDRA 19/04/2021

“Traballar no sector público é construír sociedade, contribuír a cambiar a vida das persoas”. Deste xeito definía o secretario xeral de Función Pública do Goberno central, Javier Rueda, o que implica traballar na Administración Xeral do Estado, no seminario virtual que o Ministerio de Política Territorial e Función Pública organizou este luns coa colaboración do Decanato da futura Facultade de Dirección e Xestión Pública. [+info](#).



UNHA INVESTIGADORA DA UVIGO ANALIZARÁ A BIODIVERSIDADE MICROBIANA DOS SOLOS DE CAMPOS DE CULTIVO DE MILLO FORRAXEIRO

DUVI 21/04/2021

Fields4ever é unha iniciativa global para a conservación e vixilancia da saúde do solo, que pretende analizar preto de medio millón de hectáreas en todo o mundo ao longo de ano medio. Para facer posible este reto, a empresa de biotecnoloxía Biome Makers, que é a impulsora de Fields4ever, fixo un chamamento a organismos de investigación e ciencia e a agricultores de Europa, Asia, África e América para que se sumasen a esta proposta e axudasen a realizar esta monitoraxe mundial. [+info](#).



O coloquio desenvolveuse a través de Campus Remoto

O EIXO DA EDUCACIÓN SON AS PREGUNTAS, “NUNCA AS RESPOSTAS”

DUVI PONTEVEDRA 21/04/2021

“Cal é a educación que realmente necesitamos para os nenos e nenas do século XXI?, como imos máis aló das diferentes materias para revertir nunha educación de todos con todos e de todos para todos?”. Estas foron dúas das preguntas que a docente, investigadora e escritora Eugenia Trigo trasladou este mércores ao alumnado de Educación Infantil nunha conferencia virtual que buscaba achegarlles unha perspectiva ampla e transversal do desenvolvemento dos nenos e nenas. [+info](#).



ATLANTTIC CELEBRA O DÍA INTERNACIONAL DAS NENAS NAS TIC CUN CERTAME DE FOTOGRAFÍA E VÍDEO

DUVI 21/04/2021

Segundo o Foro Económico Mundial, tan só o 6% dos CEO da industria tecnolóxica son mulleres e nos consellos directivos das empresas de todo o mundo as mulleres representan tan só un 19% dos cargos. Denunciar e loitar contra esta fenda de xénero no mundo tecnolóxico son os obxectivos do Día Internacional das Nenas nas TIC, unha data que se conmemora dende hai xusto 10 anos cada cuarto xoves do mes de abril. [+info](#).



No obradoiro o alumnado percorreu espazos da facultade empregando bastóns

ALUMNADO DE EDUCACIÓN SOCIAL IMPLÍCASE NA BUSCA DE ESPAZOS MÁIS ACCESIBLES PARA AS PERSOAS CON DIVERSIDADE VISUAL

DUVI OURENSE 22/04/2021

Alumnado de primeiro curso do Grao de Educación Social do campus de Ourense está a desenvolver este cuadrimestre un proxecto no que buscan como mellorar a accesibilidade do seu centro, a Facultade de Educación e Traballo Social, a todo tipo de colectivos. No marco desta iniciativa, este xoves participaron nun obradoiro sobre diversidade funcional visual na que tiveron a oportunidade de pórse na pel dunha persoa con esta problemática e poder así entender mellor as súas necesidades. [+info](#).



O dietista Jorge Ascariz impartiu unha conferencia dentro da Semana da Creatividade e da Innovación

A DIETA MEDITERRÁNEA, BASE DUNHA ALIMENTACIÓN SAUDABLE

DUVI PONTEVEDRA 22/04/2021

O aceite de oliva como principal graxa de adición, o consumo frecuente de froita, verduras, legumes e froitos secos, comer máis peixe que carne... Estas foron algunhas das recomendacións que o dietista Jorge Ascariz achegou este xoves aos asistentes a un relatorio sobre pautas de alimentación saudable, inserida no ciclo de conferencias promovido pola Vicerreitoría do campus e o Consello Social da Universidade de Vigo no marco da [Semana da Creatividade e da Innovación](#). [+info](#).



As autoridades académicas e o vicepresidente visitaron as plantas que se cederán á Universidade

O EDIFICIO DE BENITO CORBAL ACOLLERÁ O GRAO EN DESEÑO, A SEDE DO CAMPUS CREA E O GRUPO DE INVESTIGACIÓN DE MARIO PANSERA

DUVI PONTEVEDRA 23/04/2021

As tres plantas cedidas á Universidade de Vigo no rehabilitado edificio administrativo da Xunta de Galicia na rúa de Benito Corbal en Pontevedra converteranse na sede do Campus Crea, no espazo no que se imparta a docencia do futuro Grao en Deseño e no lugar de traballo do grupo de investigación do proxecto Prospera (*Prospering without growth: Science, Technology and Innovation*), co que o investigador Mario Pansera resultou gañador dunha axuda Starting Grant do Consello Europeo de Investigación (ERC). [+info](#).




Detalle do recuncho dedicado a Antía Cal, toda unha pioneira que revolucionou a docencia en Galicia na década dos sesenta

CHEGA A VIGO A III EDICIÓN DA EXPOSICIÓN 'EDUCACIÓN EN FEMININO'

D. BESADÍO DUVI 23/04/2021

Tras pasar xa polos campus de Ourense e Pontevedra, este venres, coincidindo coa celebración do Día do Libro, inaugurouse na Biblioteca Central a III edición da exposición *Educación en Feminino: un paseo pola historia*, 32 paneis que poñen en valor as achegas e traxectorias de 32 mestras e colectivos de educadoras de diferentes épocas e lugares que, co seu traballo e compromiso, contribuíron a mellorar o ensino da súa época. [+info](#).



Albino Prada cun exemplar do libro

ALBINO PRADA ADVIRTE NUN NOVO ENSAIO QUE MÁIS RIQUEZA NON SEMPRE SE TRADUCE EN MAIOR BENESTAR SOCIAL

D. BESADÍO DUVI 26/04/2021

Riqueza nacional y bienestar social. Más desarrollo con menos crecimiento, este é o título do novo libro do investigador de Ecobas Albino Prada, unha folla de ruta “válida a escala mundial” sobre que nivel de crecemento económico é compatible coa sostenibilidade global do planeta e o benestar dos seus habitantes. Editado polo Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo dentro da colección Miscelánea, este ensaio está escrito nunha linguaxe moi accesible. [+info](#).



AS UNIVERSIDADES GALEGAS AVALIARÁN O IMPACTO DA COVID-19 NA VIOLENCIA DE XÉNERO E NA TRAXECTORIA INVESTIGADORA DAS MULLERES

M. DEL RÍO DUVI 27/04/2021

Desde 2013, as oficinas de igualdade de xénero das universidades galegas traballan conxuntamente na organización da Xornada Universitaria Galega en Xénero, un punto de encontro e reflexión para o persoal docente e investigador que traballa con perspectiva de xénero. A sétima edición, que se celebrará entre os días 10 e 11 de xuño de xeito virtual, centrarase en visibilizar o impacto da actual crise sanitaria, ademais das crises social e económica derivadas da pandemia da covid-19, en dous eidos principalmente: a violencia de xénero e a traxectoria investigadora das mulleres. [+info](#).

Abril 2021.



Cartaz da actividade

UNHAS XORNADAS AFONDRARÁN NA "VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL"

DUVI OURENSE 28/04/2021

Un termo cada vez máis visible na sociedade cando se fala de vítimas de violencia de xénero é o de dobre vitimización. Con el preténdese expresar como mulleres en situacións de violencia viven unha segunda violencia cando son tratadas polo sistema, por exemplo cuestionando o seu testemuño. A Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense acollerá o 3 de maio, a través do Campus Remoto da UVigo, a celebración da xornada *Cómplices. A violencia machista institucional. Unha abordaxe integral*. [+info.](#)



Alberto Dafonte, con varios estudantes participantes nesta iniciativa

O ALUMNADO DE PUBLICIDADE E RRPP TRABALLA COA ONG ECOS DO SUR NA LOITA CONTRA A DESINFORMACIÓN

DUVI PONTEVEDRA 29/04/2021

Crear unha serie de vídeos divulgativos que acheguen estratexias e recomendacións para facer fronte ás noticias falsas que se difunden a través da rede é o obxectivo do traballo que desenvolven máis de 70 estudantes do grao en Publicidade e Relacións Públicas no marco dunha iniciativa coordinada polo profesor Alberto Dafonte, que levan a cabo coa ONG *Ecos do Sur*. Inserido na materia *Teoría e práctica da comunicación televisiva*, trátase do proxecto de aprendizaxe-servizo (ApS) *Dixitais*. [+info.](#)

A PRIMEIRA FASE DO PROXECTO PEIRAOS DO SOLPOR PERMITIU A FIXACIÓN DE 187 ESPECIES ÁS ESTRUTURAS SOMERXIDAS


DUVI 29/04/2021

Durante o ano 2020 investigadores do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo participaron, da man da Autoridade Portuaria de Vigo, na primeira fase do proxecto *Peiraos do Solpor*, unha iniciativa que ten como finalidade recuperar e poñer en valor a biodiversidade mariña dos ecosistemas portuarios ao tempo que converte estas zonas nunha ferramenta de concienciación e goce para a cidadanía. [+info.](#)



Este xoves inauguráronse unha serie de paneis divulgativos na dársena da Laxe

Abril 2021.



UN SEMINARIO ANALIZARÁ OS NESGOS DE XÉNERO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

DUVI 30/04/2021

No marco da Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo, varias investigadoras e investigadores de Dereito Público e Dereito Privado desenvolveron un proxecto sobre intelixencia artificial e xénero, no que avaliaron as bases éticas e os problemas de nesgo de xénero na elaboración de algoritmos para políticas públicas e procedementos administrativos. Ese estudo constatou unha falta de transparencia sobre a elaboración e acceso a este tipo de innovación tecnolóxica, así como unha falta de diversidade das persoas que elaboran e adestran os algoritmos. [+info](#).




Na presentación Elena Rivo estivo acompañada, entre outros, por Román Rodríguez e María Jesús Lorenzana

UN CÓMIC, A HISTORIA DE CATRO MULLERES E O RETO DE FOMENTAR O EMPRENDEMENTO FEMININO

DUVI OURENSE 30/04/2021

Fomentar o emprendemento feminino ilustrando a mulleres de calquera idade e formación sobre conceptos básicos que deben ter en conta se queren crear a súa propia empresa. Con este obxectivo presentouse este venres en Santiago de Compostela o cómic *Mulleres en acción. Unha guía para o emprendemento*. Trátase dunha iniciativa liderada desde a Universidade de Vigo polo Grupo de Investigación Governance and Economics Research Network (Gen), no marco do proxecto europeo Women Entrepreneurs in Action WE'RE IN!. [+info](#).



AS UNIVERSIDADES GALEGAS DAN UN PASO MÁIS CARA Á CIENCIA ABERTA ASINANDO UN ACORDO COA EDITORIAL CIENTÍFICA WILEY

DUVI 30/04/2021

O sistema universitario galego segue dando pasos de cara a xerar unha contorna que aposte pola ciencia aberta. En concreto, o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), constituído polas tres universidades e a Xunta de Galicia, participou activamente nos traballos que permitiron acadar o acordo transformativo entre Crue Universidades Españolas-CSIC e a editorial John Wiley & Sons. Este tipo de alianzas con editoriais científicas teñen como finalidade “transformar” o modelo de pago de licenzas por “ler” ao pago por “ler e publicar en acceso aberto”. [+info](#).

UNIVERSIDADE DE VIGO

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640